


ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS MUNICIPAIS

CURSO 2011-2012

NORMATIVA XERAL DE MATRICULACIÓN





ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS MUNICIPAIS

CURSO 2011-2012

NORMATIVA XERAL DE MATRICULACIÓN



LUGAR E DATAS DE MATRICULACIÓN

ESCOLAS DEPORTIVAS: do mércores día 14 até o luns día 26 de setembro, nas dependencias administrativas do Pavillón “A Xunqueira” de San Valentín.

O calendario de inscricións organizarase do seguinte xeito e cos horarios que se especifican de seguido:

- **Inscricións só para escolas da piscina:**
 - 14 e 15 de setembro: só residentes en Fene
 - 16 de setembro poboación en xeral.
- **Inscricións para a totalidade de escolas deportivas municipais**
 - 19, 20, e 21 de setembro só residentes en Fene
 - 22, 23 e 26 poboación en xeral.

HORARIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO PAVILLÓN “A XUNQUEIRA”

Día de matriculacións	Horario de mañá	Horario de tarde
14 de setembro (mércores)	09:00 a 13:30 h.	16:00 a 19:30 h.
15 de setembro (xoves)	09:00 a 13:30 h.	
16 de setembro (venres)	09:00 a 13:30 h.	
19 de setembro (luns)	09:00 a 13:30 h.	
20 de setembro (martes)	09:00 a 13:30 h.	16:00 a 19:30 h.
21 de setembro (mércores)	09:00 a 13:30 h.	16:00 a 19:30 h.
22 de setembro (xoves)	09:00 a 13:30 h.	16:00 a 19:30 h.
23 de setembro (venres)	09:00 a 13:30 h.	
26 de setembro (luns)	09:00 a 13:30 h.	

Durante o curso só se admitirán novas matriculacións sempre que existan prazas libres ou se produzan baixas na escola en cuestión e as altas non interfiran o normal funcionamento do grupo de traballo.

ESCOLAS CULTURAIS, CURSIÑOS TIC, XORNADAS TIC E OBRADOIROS:

Do **luns día 3 até o venres día 7 de outubro**, nas dependencias administrativas do “Pavillón A Xunqueira” de San Valentín, en horario de 09:00 a 13:30 h., e o mércores 5 e o xoves 6 de outubro a matriculación poderá facerse tamén en horario de tarde, de 16:00 a 19:30 h.

Estas datas de matriculación repartiranse do seguinte xeito:

- Días 3, 4, e 5 de outubro.- inscricións só residentes en Fene
- Días 6 e 7 de outubro.- inscricións para a totalidade da poboación

Este prazo rexe tamén para os cursiños e xornadas TIC, agás o de “Fotografía e retoque dixital”. O período detállase no apartado dedicado ao citado cursiño.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR PARA MATRICULACIÓN NAS ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS

Persoas que estiveron matriculadas nas Escolas durante o curso 2010/2011:

- Carné do ano anterior
- Para quen domicilie:
 - Asinar a orde de domiciliación bancaria que lles facilitará a persoa encargada da matriculación

Novas matriculacións:

- Fotocopia do caderno da Seguridade Social ou tarxeta sanitaria.
- Fotocopia do DNI ou libro de familia
- Unha fotografía tamaño carné
- Para quen domicilie:
 - Asinar a orde de domiciliación bancaria que lles facilitará a persoa encargada da matriculación

Achegar calquera recibo do banco ou outro semellante no que consten todos os díxitos da conta

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR PARA MATRICULACIÓN NOS CURSIÑOS E XORNADAS TIC

- Cubrir a ficha que lles facilitará a persoa encargada da matriculación e, unha vez confirmada a praza, efectuar o pagamento e achegar resguardo de aboar a cota establecida.

TARIFAS E PREZOS**ESCOLAS DEPORTIVAS**

No Pavillón de “A Xunqueira”

Concepto	Categorías	Total €
Escola deportiva + sauna (1,5 horas cada semana, durante 1 mes)	Menores	5,45
	Adultos	13,05
	Maiores de 65 anos	10,45
Escola deportiva + sauna (2 horas cada semana, durante 1 mes)	Menores	7,35
	Adultos	17,40
	Maiores de 65 anos	13,90
Escola deportiva + sauna (3 horas cada semana, durante 1 mes)	Menores	10,90
	Adultos	26,10
	Maiores de 65 anos	20,90
Escola deportiva + sauna (4 horas cada semana, durante 1 mes)	Menores	14,7
	Adultos	34,8
	Maiores de 65 anos	27,85
Escola deportiva + sauna (6 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	21,85
	Adultos	52,25
	Maiores de 65 anos	41,85

Da piscina municipal

Concepto	Categorías	Total (€)
Escola de natación (1 sesión cada semana, durante 1 mes)	Menores	7,65
	Adultos	11,50
	Maiores de 65 anos	9,20
	Especiais * (B,E,T)	12,55
	Especiais Maiores de 65 anos (T)	10,05
Escola de natación (2 sesións cada semana, durante 1 mes)	Menores	15,30
	Adultos	22,95
	Maiores de 65 anos	18,35
	Especiais (B,E,T)	25,05
	Especiais Maiores de 65 anos (T)	20,05
Escola de natación (3 sesións cada semana, durante 1 mes)	Menores	22,95
	Adultos	34,50
	Maiores de 65 anos	27,60
	Especiais (B,E,T)	37,60
	Especiais Maiores de 65 anos (T)	30,10

As escolas especiais (B, E, T) refírense ás escolas de bebés, embarazadas e terapéutica.

Concepto	Categorías	Total (€)
Entrada á instalación	Menores	2,20
	Adultos	3,25
	Maiores de 65 anos	2,60
Bono deporte 8 sesións	Menores	13,90
	Adultos	20,85
	Maiores de 65 anos	16,65
Bono deporte 24 sesións	Menores	36,60
	Adultos	54,80
	Maiores de 65 anos	46,30
Bono deporte 48 sesións	Menores	62,65
	Adultos	94,00
	Maiores de 65 anos	75,25
Bono deporte 96 sesións	Menores	94,00
	Adultos	141,05
	Maiores de 65 anos	112,80
Bono deporte 32 sesións	Familiar	60,90
Alugueiro de rúas en exclusiva (1 sesión: 45´)	Adultos/senior	16,30
	Cat. Base	9,80

Escolas fóra do Pavillón de "A Xunqueira"

Concepto	Categorías	Total
Resto de escolas deportivas: 1,5 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	12,05
	Adultos	29,00
	Maiores de 65 anos	23,15
Resto de escolas deportivas: 2 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	16,00
	Adultos	38,60
	Maiores de 65 anos	30,90
Resto de escolas deportivas: 3 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	24,10
	Adultos	58,00
	Maiores de 65 anos	46,40

O pagamento destas escolas realizarase mediante domiciliación bancaria. No momento de efectuar a inscrición deberá ordenarse a unha entidade bancaria a domiciliación do pagamento da taxa que se realizará en tres cotas que se pagarán nos meses de **novembro, xaneiro e marzo**.

ESCOLAS CULTURAIS

ACTIVIDADE	PREZO/€	
Música e movemento (iniciación/formación básica). TRES COTAS/CURSO	Menores	16,0 €
Piano e solfexo. TRES COTAS/CURSO	Menores	16,0 €
	Adultos	38,6 €
	Maiores de 65 anos	30,9 €
Guitarra (todos os niveis). TRES COTAS/CURSO	Menores	16,0 €
	Adultos	38,6 €
	Maiores de 65 anos	30,9 €
Obradoiro literario. TRES COTAS/CURSO	Menores	16,0 €
	Adultos	38,6 €
	Maiores de 65 anos	30,9 €
Cursiños TIC (fotografía e retoque dixital; introdución á ofimática; como falar por teléfono a través de Internet e ofimática básica). COTA ÚNICA/CURSO	Todas as idades	10,9 €
Xornadas TIC (Como usar o teléfono móbil; As redes sociais a cara oculta das amizades; A seguranza en Internet). COTA ÚNICA/CURSO	Todas as idades	6,25 €

ABONO FAMILIAR

O **abono familiar** é unha modalidade de pagamento destinada a incentivar a participación dos membros da unidade familiar nas escolas municipais así como na adquisición do bono deporte.

Terá a consideración de abonado familiar o pai, nai, titor ou titora que poderá incluír no seu abono ao cónxuxe e fillos menores de 18 anos, ou maiores en situación de paro sempre nun número mínimo de dous membros (pai, nai, titor/a e fillo/a) e/ou actividades municipais.

As cotas para os abonados familiares hanse determinar aplicando unha **redución do 20% da cota a partir da segunda actividade en que se matricule ou a partir do segundo membro da unidade familiar que o faga**. A redución do 20% non se aplicará á actividade que teña a tarifa máis elevada de entre as que se matriculen os membros da unidade familiar.

No suposto de baixa na actividade con carácter previo á súa prestación, procederá a devolución das cotas abonadas, previa solicitude do suxeito pasivo e informe do departamento de deportes, achegando para o efecto a documentación xustificativa (xustificante de pagamento e designación de conta bancaria).

No caso de que por motivos excepcionais sexa necesario interromper o normal funcionamento das escolas ou cursos, a Xunta de Goberno Local ou o alcalde estarán facultados para acordar o rateo da cota a aplicar no período impositivo afectado.

RENOVACIÓNS, ALTAS E BAIXAS

Durante o curso só se admitirán novas matriculacións sempre que haxa prazas libres ou se produzan baixas na escola en cuestión e as altas non interfiran o normal funcionamento do grupo de traballo. No caso de que procedan as altas, o número de novas matriculacións será igual ao de baixas na actividade.

ESCOLAS DEPORTIVAS

Renovacións e altas nas Escolas Deportivas do Pavillón:

- A renovación da actividade é mensual e efectuarase do 13 ao 26 de cada mes, a través de ingreso en conta; logo da recollida dos recibos nas instalacións onde se realizan as actividades e devolvendo o resgardo até o 26 de cada mes.
- As altas ou novas matriculacións tramitaranse tamén nas dependencias administrativas do Pavillón "A Xunqueira" de San Valentín de luns a venres **na derradeira semana de cada mes**.

•

Renovacións e altas nas Escolas da Piscina Municipal:

- Haberá dúas modalidades de pagamento-renovación da actividade:
 1. Renovación trimestral mediante pagamento do recibo domiciliado a través dunha entidade bancaria. A devolución do recibo implica a baixa na escola.
 2. Renovación mensual do 13 ao 26 de cada mes, a través de ingreso en conta; logo da recollida dos recibos nas instalacións onde se realizan as actividades e devolvendo o resgardo até o 26 de cada mes.
- As altas ou novas matriculacións hanse tramitar nas dependencias administrativas do Pavillón "A Xunqueira" de luns a venres **na derradeira semana de cada mes**.

Altas nas Escolas Deportivas noutras Instalacións:

- As altas ou novas matriculacións hanse tramitar nas dependencias administrativas do Pavillón "A Xunqueira" de San Valentín de luns a venres **na derradeira semana de cada mes**.

Baixas

- As baixas hanse tramitar segundo o establecido na Ordenanza fiscal nº 2 do Concello de Fene.
 - Pagamento mensual: non renovando o seguinte mes, “baixa de oficio”, ou comunicándoa nas dependencias administrativas do pavillón “A Xunqueira”.
 - Pagamento trimestral: escrito de baixa presentado a través do rexistro Municipal (1º andar, Casa do Concello), antes das datas sinaladas nas ordes de domiciliación asinadas polos usuarios/as

ESCOLAS CULTURAIS

- As altas ou novas matriculacións hanse tramitar nas dependencias administrativas do Pavillón “A Xunqueira” de San Valentín de luns a venres na derradeira semana de cada mes.
- As baixas hanse tramitar segundo o establecido na Ordenanza fiscal nº 2 do Concello de Fene.
 - Escrito de baixa presentado a través do Rexistro Municipal (1º andar, Casa do Concello), antes das datas sinaladas nas ordes de domiciliación asinadas polos usuarios/as

EXENCIÓN DE COTA

As tarifas establecidas para as escolas poderán graduarse en función da capacidade económica do suxeito pasivo, en atención ás condicións establecidas na Ordenanza Fiscal núm. 2 do Concello de Fene.

DURACIÓN DO CURSO

Escolas Deportivas

- **Escolas na Piscina Municipal e no Pavillón “A Xunqueira”**
 - Do sábado 1 de outubro de 2011 até o sábado 30 de xuño de 2012.
- **Escolas noutras instalacións**
 - Do sábado 1 de outubro de 2011 até o xoves 31 de maio de 2012.
- **Obradoiros deportivos**
 - O establecido para cada actividade

Escolas Culturais

- Para as Escolas Culturais e Obradoiros, do luns 17 de outubro de 2011 ao 31 de maio de 2012
- Para os Cursiños e Xornadas TIC, os que se establecen para cada actividade. No ano 2012, convocaranse novos cursiños e xornadas.

ESCOLAS DEPORTIVAS

ESCOLAS DEPORTIVAS DO PAVILLÓN “A XUNQUEIRA”

ESCOLA	ANO DE NACEMENTO	DÍAS	HORARIO	PRAZAS LIBRES	HORAS/ SEMANA
MINIBASKET	2001 - 2005	Martes e Xoves	16:00-17:00 h	7	2 h/s
INICIACIÓN BALONCESTO	2000 e anteriores	Mércores e Venres	17:00-18:00 h	14	2 h/s
PILATES 1	1995 e anteriores	Martes e xoves	10:00-11:00 h	1	2 h/s
PILATES 2	1995 e anteriores	Luns e venres	19:00-20 h	4	2 h/s
PILATES 3	1995 e anteriores	Martes e xoves	9:00 a 10:00	2	2 h/s
PILATES 4	1995 e anteriores	Luns mércores	18:00 (luns) 19:00(mérc.)	5	2 h/s
XIMNASIA RÍTMICA	Iniciación 1 (nacidas do 2006 ao 2008)	Luns	17.30 a 18.30 h	6	2 h/s
		Mércores	17:00 a 18:00 h		
	Iniciación 2 (nacidas do 2003 ao 2005)	Martes	16:00 a 17:00 h	7	2 h/s
		Mércores	18:00 a 19:00 h		
	Iniciación 3 (nacidas do 1999 ao 2003)	Luns	16:00 a 17.30 h	8	3 h/s
		venres	17.30 a 19 h		
	Perfeccionam. (nacidas do 2001 ao 2004)	Martes	17:00 a 18.30 h	10	3 h/s
		xoves	17.30 a 19:00 h		
	Avanzado (alevín, infantil e cadete)	Mércores	16:00 a 17:00 h	4	4 h/s
		Xoves e venres	16:00-17.30 h		
BAILES LATINOS	1999 e anteriores	Martes e Xoves	19:00 a 20:00 h	9	2 h/s
DANZA DO VENTRE	1999 e anteriores	Xoves	17:00 a 19:00 h	12	2 h/s
AEROBIC MAÑÁ	1995 e anteriores	Luns, Mércores e Venres	9:00 a 10:00 h	6	3 h/s
AEROBIC TARDE	1995 e anteriores	Luns, Mércores e Venres	20:00 a 21:00 h	11	3 h/s
BAILES SALÓN INFANTIL	2005 - 1999	Sábados	11:00 a 12.30 h	15	1,5 h/s

IOGA 1	1995 e anteriores	Martes e Xoves	20.15-21.45 h	10	3 h/s
PATINAXE INICIACIÓN	2008 e anteriores	Martes e Xoves	17:00 a 18:00 h	10	2 h/s
PATINAXE PERFECCIONAMENTO	2006 e anteriores	Martes e Xoves	18:00 a 19:00 h	7	2 h/s
REHABILITACIÓN FUNCIONAL 1	Todas	Martes, Xoves e Venres	9:00 a 10:00 h	2	3 h/s
REHABILITACIÓN FUNCIONAL 2	Todas	Martes, Xoves e Venres	10:00 a 11:00 h	3	3 h/s
REHABILITACIÓN FUNCIONAL 3	Todas	Luns, Mércores e Xoves	10:00 a 11:00 h	5	3 h/s
REHABILITACIÓN FUNCIONAL (2/3) CON NATACIÓN TERAPÉUTICA (1/3)	Todas	2 días a escoller entre os de Rehabilitación Funcional	9:00 a 10:00 h		
			10:00 a 11:00 h		
		Mércores	9:00 a 9.45 h		

ESCOLAS DEPORTIVAS NOUTRAS INSTALACIÓNS

ESCOLA	IDADE	DÍAS	HORARIO	LUGAR	Nº PRAZAS	HORAS/ SEMANA
IOGA 2	Maiores de 50 anos	Luns, Mércores e Venres	10-11 h	Centro Social Fene	20	3 h/s
IOGA 3	Maiores de 50 anos	Luns, Mércores e Venres	11-12 h	Centro Social Fene	20	3 h/s
E.F. BASE	Nacidos no 2006, 2007 e 2008	Martes e Xoves	16-17.30 h	CEIP Centieiras	15	3 h/s
FÚTBOL 7 Prebenxamín	Nacidos 2004, 2005, 2006	Luns, Mércores e partido	16-17 h	CEIP Centieiras	12	3 h/s
FÚTBOL 7 Benxamín 1	Nacidos 2002-2003	Luns, Mércores e partido	17-18 h	CEIP Centieiras	12	3 h/s
FÚTBOL 7 Benxamín 2	Nacidos 2002-2003	Luns, Mércores e partido	17-18 h	CEIP Centieiras	12	3 h/s
FÚTBOL 7 Alevín 1	Nacidos 2000-2001	Luns, Mércores e partido	16-17 h	CEIP Centieiras	12	3 h/s
FÚTBOL 7 Alevín 2	Nacidos 2000-2001	Luns, Mércores e partido	16-17 h	CEIP Centieiras	12	3 h/s
AEROBIC INFANTIL 1	Nacidos no 2005 e anteriores	Luns, Mércores e Venres	16-17 h	CEIP Centieiras	15	3 h/s
AEROBIC INFANTIL 2	Nacidos no 2008 e anteriores	Luns, Mércores e Venres	16:30-17:30 h	CPI A Xunqueira	15	3 h/s
BAILE MODERNO	Nacidos no 2008 e anteriores	Martes* e Xoves	16:30-17:30 h	CPI A Xunqueira	15	3 h/s
JUDO 1	Nacidos entre o 2007 e 2003.	Luns, Mércores e Venres	17.30-18.30 h	Ximnasio Casa da Cultura	14	3 h/s

JUDO 2	Nacidos antes do 2003.	Luns, Mércores e Venres	18.30-19.30 h	Ximnasio Casa da Cultura	14	3 h/s
KARATE Iniciación	Nacidos antes do 2008	Martes e Xoves	16-17.30 h	Ximnasio Casa da Cultura	14	3 h/s
KARATE 2 Perfeccionamento	Todas as idades	Martes e Xoves	17.30 a 19 h	Ximnasio Casa da Cultura	14	3 h/s

* As aulas da escola de baile moderno do CPI A Xunqueira os martes terán lugar no Pavillón.

ESCOLAS DE NATACIÓN PISCINA MUNICIPAL DE CENTIEIRAS

NATAÇÃO DE BEBES (6 meses a 3 anos)

ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. DE BEBES 1	Sábado	11:30 a 12:15	0
NAT. DE BEBES 2	Sábado	12:15 a 13:00	0
NAT. DE BEBES 3	Sábado	10:45 a 11:30	0

NATAÇÃO 1ª INFANCIA - Nacidos/as do 2006 ao 2008

ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. 1ª INFANCIA 1	Sábado	11:30 a 12:15	0
NAT. 1ª INFANCIA 2	Sábado	12:15 a 13:00	0
NAT. 1ª INFANCIA 3	Martes, xoves.	16:00 a 16:45	3
NAT. 1ª INFANCIA 4	Luns, venres	16:45 a 17:30	3
NAT. 1ª INFANCIA 5	Mércores	16:45 a 17:30	0
NAT. 1ª INFANCIA 6	Sábado	10:45 a 11:30	0
NAT. 1ª INFANCIA 7	Luns, venres. .	16:45: 17:30	6
NAT. 1ª INFANCIA 8	Mércores	17:30 a 18:15	0
NAT. 1ª INFANCIA 9	Luns, venres. .	16:00 a 16:45	8
NAT. 1ª INFANCIA 10	Venres	16:00 a 16:45	2
NAT. 1ª INFANCIA 11	Sábado	10:00 a 10:45	3
NAT. 1ª INFANCIA 12	Sábado	10:00 a 10:45	8

INICIACIÓN INFANTIL - nacidos dende a 1999 a 2005

ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
INI. INFANTIL 1	Luns e venres. .	17:30: a 18:15	3
INI. INFANTIL 2	Luns e venres.	18:15 a 19:00	2
INI. INFANTIL 3	Martes e xoves.	16:45 a 17:30	8
INI. INFANTIL 4	Martes e xoves	17:30 a 18:15	2
INI. INFANTIL 5	Martes e xoves	18:15 a 19:00	10
INI. INFANTIL 6	Luns e venres	17:30 a 18:15	0
INI. INFANTIL 7	Mércores	18:15 a 19:00	0
INI. INFANTIL 8	Mércores	17:30 a 18:15	0

INICIACIÓN INFANTIL - nacidos dende a 1999 a 2005			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
INI. INFANTIL 9	Luns e venres	18:15 a 19:00	2
INI. INFANTIL 10	Mércores	18:15 a 19:00	0
INI. INFANTIL 11	Martes e xoves	16:00 a 16:45	3
INI. INFANTIL 12	Luns	16:00 a 16:45	0
INI. INFANTIL 14	Mércores	16:00 a 16:45	0

PERFECCIONAMENTO INFANTIL - nacidos dende a 1999 a 2005			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
PERF. INFANTIL 1	Luns e venres. .	17:30 a 18:15	1
PERF. INFANTIL 2	Luns e venres.	18:15 a 19:00	3
PERF. INFANTIL 3	Martes e xoves	16:45 a 17:30	7
PERF. INFANTIL 4	Martes e xoves	17:30 a 18:15	7
PERF. INFANTIL 5	Martes e xoves	18:15 a 19:00	8
PERF. INFANTIL 6	Mércores	18:15 a 19:00	0
PERF. INFANTIL 7	Mércores	17:30 a 18:15	0
PERF. INFANTIL 8	Luns e venres	16:45 a 17:30	3
PERF. INFANTIL 9	Mércores	19:00 a 19:45	6
PERF. INFANTIL 10	Mércores	19:00 a 19:45	5

PERFECCIONAMENTO XUVENIL – Nacidos do 1994 a 1998			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
PERF. XUVENIL 1	Luns e venres. .	19:00 a 19:45	8
PERF. XUVENIL 2	Luns e venres.	19:00 a 19:45	10

INICIACIÓN DE ADULTOS Maiores de 18 anos (Nacidos entre 1946 e 1993)			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
INI. ADULTOS 1	Luns, mérc. e venres	10:30 a 11:15	7
INI. ADULTOS 3	Luns e venres	20:30 a 21:15	11
INI. ADULTOS 4	Martes e xoves	19:45 a 20:30	8
INI. ADULTOS 5	Martes e xoves	20:30 a 21:15	7
INI. ADULTOS 6	Martes e xoves	21:15 a 22:00	2

PERFECCIONAMENTO DE ADULTOS – Maiores de 18 anos (Nacidos entre 1946 e 1993)			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
PERF. ADULTOS 1	Luns e venres .	20:30 a 21:15	9
PERF. ADULTOS 2	Martes e xoves	20:30 a 21:15	4
PERF. ADULTOS 3	Martes e xoves	21:15 a 22:00	10
PERF. ADULTOS 4	Luns, mérc. e venres	19:45 a 20:30	5
PERF. ADULTOS 5	Martes e xoves	10:30 a 11:15	1

NATACIÓN 3ª IDADE <i>Maiores de 65 anos Nacidos antes de 1946</i>			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. 3ª IDADE 1	<i>Luns e venres .</i>	<i>10:30 a 11:15</i>	5
NAT. 3ª IDADE 2	<i>Martes e xoves</i>	<i>10:30 a 11:15</i>	1

NATACIÓN PARA EMBARAZADAS – Todas as idades			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. EMBARAZADAS	<i>Martes e xoves</i>	<i>19:00 A 19:45</i>	8

NATACIÓN TERAPÉUTICA – Todas as idades			
ESCOLA	DIAS	HORA	PRAZAS LIBRES
NAT. TERAPEUTICA 1A	<i>Luns, mérc. e venres</i>	<i>9:00 a 9:45</i>	0
NAT. TERAPEUTICA 1B	<i>Luns, mérc. e venres</i>	<i>9:45 a 10:30</i>	0
NAT. TERAPEUTICA 2	<i>Martes e xoves</i>	<i>9:45 a 10:30</i>	1
NAT. TERAPEUTICA 3	<i>Martes e xoves</i>	<i>19:45 a 20:30</i>	4
NAT. TERAPEUTICA 4	<i>Luns, mérc. e venres</i>	<i>20:30 a 21:15</i>	3
NAT. TERAPEUTICA 5	<i>Luns . e venres</i>	<i>19:45 a 20:30</i>	0
NAT. TERAPEUTICA 6	<i>Luns . e venres</i>	<i>9:45 a 10:30</i>	2
NAT. TERAPEUTICA 7	<i>Martes e xoves</i>	<i>19:00 a 19:45</i>	3
Natación Terapéutica combinada con Rehabilitación funcional	<i>Mércores</i>	<i>9:00 a 9:45</i>	0
Natación Terapéutica combinada con Rehabilitación funcional	<i>Mércores</i>	<i>9:45 a 10:30</i>	3

HORARIO DO XIMNASIO DA PISCINA:

- DE LUNS A VENRES:
 - o Mañás: de 9.00 a 13.30 horas
 - o Tardes: de 19.45 a 22.45 horas
- SÁBADOS: de 16.00 a 19.00 horas.

OBRADOIROS DEPORTIVOS

EDUCACIÓN FÍSICA CONTRA A FATIGA ONCOLÓXICA

GRUPOS	ALUMNOS/AS	DÍAS	HORAS
A	4	Luns-Venres	11.15 - 12.15 h
B	4	Luns-Mércores	10 - 11 h
C	4	Martes-Xoves	11-12 h

DURACIÓN DO OBRADOIRO
Outubro-Novembro (15,70 €) Decembro-Xaneiro (15,70 €) Febreiro-Marzo (15,70 €) Abril-Maio (15,70 €)
Posibilidade de seguir no verán

CONTIDO: Actividade co obxectivo de tratar de reducir na medida do posible a fatiga que acompaña ao cancro e aos seus tratamentos.

Baséase nos contidos propios da Educación Física, así como tamén: exercicio cardiovascular, mobilidade articular, estiramientos, relaxación, respiración, forza a nivel funcional, equilibrio, coordinación, xogos,... empregando para tal fin os exercicios físicos e os métodos máis aconsellables.

Trátase dunha actividade de intensidade suave a moderada, que tratará de axustarse en tódolos casos ás características e posibilidades de cada persoa.

INSCRICIÓNS: do 12 ao 23 de setembro de 2011 nas dependencias administrativas do Departamento de Cultura, Deportes e Xuventude (Avda. Naturais 44, entrecán dereita); en horario de 09.30 a 13.30 horas.

LUGAR: Pavillón Polideportivo "A Xunqueira" de San Valentín

PREZO: 15,70 €/bimensual (segundo a Ordenanza Fiscal nº 2) a ingresar **unha vez confirmada a praza**.

RENOVACIÓNS E ALTAS:

- A renovación da actividade é bimensual e efectuarase do 13 ao 26 do segundo mes, a través de ingreso en conta bancaria; debendo entregar copia do xustificante antes do día 26 do segundo mes no Departamento de Cultura, Deportes e Xuventude.
- As altas ou novas matriculacións tramitaranse tamén no Departamento de Cultura, Deportes e Xuventude, de luns a venres na derradeira semana de cada mes, sempre e cando haxa baixas na actividade (aviso telefónico por orde de reservas).

OBSERVACIÓNS:

- As prazas hanse cubrir por rigorosa orde de inscrición (non se admitirán telefonicamente)
- O número de prazas é limitado a 5 persoas por curso.
- Os horarios poderán estar sometidos a cambios segundo as inscricións.
- Estes obradoiros renovaranse cada dous meses.

BONO DEPORTE

QUE É O BONO DEPORTE?

É un bono cuxa finalidade está na de achegar as instalacións deportivas municipais á poboación en xeral, procurando facilitar a práctica deportiva individual sen monitor, así en cada uso a persoa terá dereito á entrada ás instalacións deportivas municipais cubertas (piscina de Centieiras e pavillón A Xunqueira) de acordo co seguinte réxime, sempre dependendo da dispoñibilidade da instalación a utilizar.

Pavillón polideportivo da Xunqueira: ximnasio e sauna.

Piscina municipal de Centieiras: baño libre, utilización do ximnasio e sauna.

O bono regúlase polo número de usos independentemente do tempo que tarden en rematarse, deste modo as persoas que non o esgotaran durante a tempada o poderán seguir utilizando durante a tempada seguinte previo pagamento da parte proporcional da actualización do custe do bono se houbera cambio de tarifas na ordenanza fiscal aplicable.

A utilización de aparellos ximnásticos estará limitada para persoas maiores de idade ou menores acompañados por adultos, que exercerán a supervisión dos mesmos, baixo declaración xurada de que están en perfectas condicións físicas para a práctica da actividade a realizar nas instalacións deportivas municipais.

O concello de Fene non se fará responsable das perdas ou extravíos dos bonos expedidos.

HORARIOS DE UTILIZACIÓN

PISCINA MUNICIPAL DE CENTEIRAS

Ximnasio: Durante todo o horario de apertura da instalación.

Nado libre: Segundo o planing de nado libre, cando haxa rúas libres e o aforo das rúas o permita .

Sauna: **Mañás** durante todo o período de apertura

Tardes: de luns a venres a partir das 19:00 h.

Sábado tarde de 16:00 a 19:00 h.

Cando se faga utilización de varios servizos no mesmo uso a entrada no vaso da piscina sempre terá que coincidir cunha franxa horaria do planing de ocupación do vaso nunca polo medio da mesma.

PAVILLÓN A XUNQUEIRA

Ximnasio musculación:

Mañás.- de luns a venres de 11:00 a 13:30

Tardes.- de luns a venres de 16:00 a 23:00 h. menos os martes

PREZOS E TARIFAS DURANTE O CURSO 2010/2011 (ver táboa Baño Libre)

Onde o podes mercar?

Nas dependencias administrativas do Pavillón "A Xunqueira" en xornada de mañá de 10:00 a 13:30 horas e tamén todos os mércores pola tarde e días a maiores fixados para o pagamento das escolas deportivas municipais en horario de 17:00 a 19:00 h.

Bonificacións e descontos

Os usuarios/as matriculados nas Escolas Deportivas Municipais da piscina ou do pavillón da Xunqueira que queiran complementar a actividade dirixida coa utilización libre, poderán acollerse, segundo a ordenanza fiscal en vigor a unha bonificación dun 20 % sobre o prezo do bono.

CONSELLOS PRÁCTICOS, E INFORMACIÓN SOBRE A SAUNA

Pasos a seguir:

A temperatura da sauna oscilará entre 80 e 90 graos para persoas sen problemas de saúde.

Dúchate con auga morna e entra na sauna coa pel limpa e mollada, permanece no interior durante un espazo de entre 10 a 15 minutos até que empeces a suar, sal da sauna e dúchate en auga fría. Volve a entrar na sauna e permanece por un tempo de 10 minutos, volve a saír e tómate outra ducha de auga fría.

Ao volver a entrar na sauna permanece dentro por un espazo de 5 min. Sae e tómate unha ducha de auga fría frotándote ben para quitar impurezas e células mortas. Abrígate ben e recupérate lentamente, xa que a baixada da tensión enlentece os teus movementos. Non fagas movementos bruscos e hidrátate tomando pequenos sorbos de auga.

É aconsellable entrar na sauna sempre transcorrida unha hora despois da derradeira comida.

Durante a sesión non beba líquidos xa que non se producirá a desintoxicación corporal.

Non faga exercicios de ximnasia dentro da sauna nin se dedique a conversar en exceso xa que se cargan a respiración e a circulación.

Non se duche logo da sauna con auga quente, fágao con auga morna.

Beneficios:

Elimina toxinas, aumenta as defensas, abre os poros e elimina do corpo metais pesados, tamén elimina alcohol, nicotina, sodio e combate o colesterol. Aínda que tamén se perden minerais que podemos recuperar cunha bebida isotónica, pódese chegar a perder un total de 2 litros de auga xunto coas toxinas que eliminamos.

A sauna ten un efecto desestresante porque libera endorfinas, mellora a función cardiovascular, xa que dilata os vasos capilares e obriga ao corazón a bombear con máis forza para manter a presión sanguínea.

Mellora a respiración: está comprobado que pacientes con afeccións pulmonares obstrutivas teñen unha mellora transitoria das súas funcións pulmonares. Exerce un efecto positivo sobre o sistema locomotor aliviando a dor da artrite, axuda en xeral a minorizar a celulite, adiposidades, torceduras, neuralxias, bursite, rixidez articular etc. En xeral doenzas ósteo-musculares.

Precaucións no uso da sauna:

En persoas con problemas cardiovasculares a temperatura máxima ideal para tomar o baño e sauna será de 65 °, sempre e cando a súa doenza lles permita poder tomalo. Recoméndase consultalo co seu médico.

UTILIZACIÓN DOS XIMNASIOS E ZONAS COMÚNS

O usuario/a atenderá as instrucións do persoal a cargo da instalación que lles indicará o vestiario e informará presencial ou telefonicamente a dispoñibilidade da zona a utilizar, ximnasio, sauna ou vaso.

Vostede poderá reservar telefonicamente se así o desexa espazo de uso en día e hora determinado, comunicando o seu número de bono, o que implica asistencia obrigatoria.

O material situado nos ximnasios está a súa enteira disposición para a práctica deportiva que fará por conta e risco, xa que non hai supervisión de monitor, e o concello de Fene non se responsabiliza das posibles lesións deportivas que poida sufrir pola mala utilización do mesmo.

Sexa coidadoso cos aparatos de musculación, e faga bo uso do material, recollendo o mesmo unha vez utilizado, xa que despois de vostede haberá mais persoas que queiran facer uso del.

Utilización do vaso da piscina: O uso do vaso da piscina farase atendendo as instrucións do persoal técnico situado no interior "SOCORRISTA", a quen lle poderá solicitar o material preciso para facer a actividade desexada.

Para entrar na zona de baño é obrigatorio o uso de gorro de baño, bañador e chanclas.

ESCOLAS CULTURAIS

ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA

MÚSICA E MOVEMENTO

ALUMNADO (IDADES)

Nenos/as de tres (escolarizados) a oito anos organizados en dous niveis:

- Iniciación: de tres a seis anos
- Formación básica: de sete a oito anos

AULAS E GRUPOS

Nivel	Horas/ semana	Grupos	Prazas	Horarios
Iniciación	2	1	20	Luns e mércores de 16 h a 17 h
Formación básica	2	1	20	Martes e xoves de 16 a 17 h

METODOLOXÍA E CONTIDOS

Escola concibida para atender, cun tratamento pedagóxico específico, o descubrimento e desenvolvemento das capacidades expresivas, musicais e motrices que permitan posteriormente a elección dun instrumento ou da danza e unha práctica gozosa e convincente de ambas dúas actividades artísticas.

Nesta actividade terase en conta o ensino integrado dos seguintes apartados:

- A voz, na súa dobre vertente de linguaxe e canto, como medio de expresión por excelencia.
- O contacto coas fontes sonoras a través de materiais diversos, obxectos e instrumentos.
- O recoñecemento e a representación en grafías non convencionais de parámetros referidos á duración, intensidade, timbre...
- O desenvolvemento da percepción auditiva e do pensamento musical.
- O movemento como medio de expresión e de sensibilización motriz, visual e auditiva.

INSTALACIÓNS:

CEIP DE CENTIEIRAS



ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA

PRÁCTICA INSTRUMENTAL: SOLFEXO-PIANO E GUITARRA

ALUMNADO (IDADES)

Nenos/as a partir de sete anos e poboación en xeral. Este ano, con carácter excepcional, permitirase a matriculación de nenos/as menores de 7 anos sempre que estiveran matriculados nesta disciplina no curso 2010-2011.

O período de práctica instrumental por alumno/a hase definir polo/a monitor/a en función do número de matriculados e das horas/semana asignadas a cada escola.

AULAS E GRUPOS

Solfexo-piano

Nivel	Horas/semana	Grupos	Prazas	Horario
Todos os niveis	36	2	40	A determinar polo profesorado o 1º día de aulas

Guitarra

Nivel	Horas/semana	Grupos	Prazas	Horario
Iniciación	2	1	8	Martes e venres de 16:30 a 17:30 h
Perfeccionamento	2	1	8	Luns e xoves de 16:30 a 17:30 h
Perfeccionamento	2	1	8	Luns e xoves de 17:30 a 18:30 h
Perfeccionamento	2	1	8	Luns e xoves de 18:30 a 19:30 h
Perfeccionamento	2	1	8	Luns e xoves de 19:30 a 20:30 h

METODOLOXÍA E CONTIDOS

Dentro do ámbito formativo propio a escola de música, a ensinanza instrumental non só permite elixir, en relación cos propios intereses, un medio expresivo a través do que se desenvolverá unha parte fundamental da formación musical senón que lle posibilitará á persoa a participación en formacións de conxunto de diferente índole. Os contidos básicos deste ámbito formativo axustaranse progresivamente aos definidos pola Xunta de Galicia para as Escolas de Música.

INSTALACIÓNS:

Casa da Cultura (solfexo e piano) e CPI A Xunqueira de San Valentín (guitarra)

OBRADOIRO LITERARIO

ALUMNADO

O obradoiro está dirixido por un grupo diverso de persoas. Persoas nadas no ano 1998 e anteriores.

AULAS E GRUPOS

Nivel	Horas/ semana	Grupos	Prazas	Horarios
Único	2	1	20	Luns de 18:00 a 20:00 h.

METODOLOXÍA E CONTIDOS

A actividade, proposta dende a perspectiva da escrita literaria, procura desenvolver nos participantes as súas habilidades non só como escritores senón tamén (e sobre todo) como lectores. Trátase de que os participantes coñezan e recoñezan as ferramentas da escrita a través do intercambio cos compañeiros e doutros autores para seren capaces de poñelas en práctica na propia obra e, tamén, para gozar do pracer da lectura polo miúdo.

O obradoiro propónse axudar a desenvolver nos participantes as súas habilidades como lectores e máis, nos casos nos que así se require, como escritores. A idea de partida é que o coñecemento práctico da estrutura e funcionalidade da escrita ofrece aos participantes unha vía de achegamento diferente ao texto, revelando dun xeito práctico e lúdico os seus elementos construtivos e facilitando, así, un visión nova do feito literario.

INSTALACIÓNS:

Casa da Cultura



CURSIÑOS TIC: FOTOGRAFÍA E RETOQUE DIXITAL

PERFIL DO ALUMNADO

Maiores de 16 anos organizados en dous niveis en función dos coñecementos previos:

- Básico
- Avanzado

É imprescindible ter nocións de informática, nivel equivalente ao que se obtén nos cursiños de informática avanzada.

AULAS E GRUPOS

Nivel	Horas/ curso	Grupos	Prazas	Datas e horario de realización
Básico	10	1	10	Ano 2011: 19, 21,23, 26 e 28 de decembro en horario de 10:30 a 12:30 horas.

No 2012 programárase o curso de nivel avanzado.

METODOLOXÍA E CONTIDOS

Este curso pretende dar a coñecer os fundamentos da fotografía dixital e do retoque destas imaxes a través de programas específicos.

O curso estrutúrase en dous niveis: no de iniciación hanse abordar os principios básicos da fotografía dixital e, no de perfeccionamento, as ferramentas informáticas para o retoque e a almacenaxe das fotografías.

Contidos curso básico

- Que é a fotografía? Como funciona unha cámara? O enfoque: diafragma e velocidade. O baleirado das imaxes
- A medición da luz. Sistemas automáticos e manuais
- Cor, visión, percepción e sistematización
- Fotografía en interiores e exteriores, uso do flash
- Proceso e procesamento da imaxe. Tipos de arquivos fotográficos

INSTALACIÓNS

Aula Municipal de Informática (Fene)

MATRICULACIÓN

Do luns 9 ao venres 16 de decembro nas dependencias administrativas do Pavillón "A Xunqueira" de San Valentín en horario de 9.00 a 13.30 h. O mércores, 14 de decembro, tamén en horario de 16:00 a 19:00 h. É necesario cubrir a folia que lles entregará a persoa encargada da matriculación e, unha vez confirmada a praza, efectuar o pagamento e achegar resgardo de aboar a cota establecida.



XORNADAS TIC: COMO USAR O TELÉFONO MÓBIL?

PERFIL DO ALUMNADO

Persoas maiores que teñen dificultades para manexar o teléfono móbil.

AULAS E GRUPOS

Nivel	Horas/ curso	Grupos	Prazas	Datas e horario de realización
Único	10	1	10	Ano 2011: 7, 9,11, 14 e 16 de novembro en horario de 9:30 a 11:30 horas.

En 2012 programarase outro curso

METODOLOXÍA E CONTIDOS

Este curso axudará ás persoas maiores a usar o seu móbil como ferramenta de comunicación ensinándolles a utilizar as funcións máis comúns destes dispositivos.

CONTIDOS

- Que son os códigos pin e puk?
- Como modificar/anular o código pin?
- Prender e apagar o móbil
- Usar a axenda de contactos
- Chamar e recibir chamadas
- Poñer alarmas
- Enviar sms

INSTALACIÓNS

Aula Municipal de Informática



XORNADAS TIC: AS REDES SOCIAIS (Facebook, tuenti...) E A CARA OCULTA DAS AMIZADES DOS/AS MEUS/MIÑAS FILLOS/AS?

PERFIL DO ALUMNADO

Pais e nais que queren coñecer as vantaxes e inconvenientes das redes sociais.

AULAS E GRUPOS

Nivel	Horas/ curso	Grupos	Prazas	Datas e horario de realización CPI A XUNQUEIRA
Único	10	1	10	Ano 2011: 7, 9,11, 14 e 16 de novembro en horario de 16:30 a 18:30 horas no CPI A XUNQUEIRA.

Nivel	Horas/ curso	Grupos	Prazas	Datas e horario de realización CEIP O RAMO
Único	10	1	10	Ano 2011: 8,10,15, 17 e 22 de novembro en horario de 16:30 a 18:30 horas no CEIP O RAMO.

No 2012 programaranse outros dous cursiños no CEIP Os Casais e CEIP de Centieiras

METODOLOXÍA E CONTIDOS

Os nenos e as nenas pasan cada vez máis tempo en redes sociais como Facebook ou Tuenti. Para eles, estes sitios son o medio perfecto para compartir información e estar en contacto coas súas amizades. As redes sociais mudaron o xeito en que os rapaces e rapazas se relacionan.

Non obstante, o descoñecemento destas redes sociais levan aos nenos e nenas, en ocasións, a compartir información persoal que lles poden ocasionar algúns problemas.

As redes sociais viñeron para quedarse e non adiantamos nada ignorando a súa presenza e influencia na vida dos nosos fillos e das nosas fillas. Coñecelas para aconsellalos e protexelos neste ámbito, ensinarlles a utilizalas axeitadamente é o obxectivo principal deste curso.

CONTIDOS

- Que son as redes sociais?
- Que redes sociais adoitan utilizar os rapaces?
- Cales son as principais características das redes sociais?
- Principais perigos das redes sociais e como evitalos
- Como protexer os datos persoais?

INSTALACIÓNS

Aulas de Informática do CEIP O Ramo e CPI A Xunqueira.



XORNADAS TIC: AXUDAR AO TEU FILLO E Á TÚA FILLA: A SEGURANZA EN INTERNET

PERFIL DO ALUMNADO

Pais e nais que queren coñecer as medidas elementais de seguranza en Internet

AULAS E GRUPOS

Nivel	Horas/ curso	Grupos	Prazas	Datas e horario de realización CEIP OS CASAIS
Único	10	1	10	Ano 2011: 7, 9,11, 14 e 16 de novembro en horario de 16:30 a 18:30 horas no CEIP OS CASAIS.

Nivel	Horas/ curso	Grupos	Prazas	Datas e horario de realización CEIP DE CENTIEIRAS
Único	10	1	10	Ano 2011: 8,10,15, 17 e 22 de novembro en horario de 16:30 a 18:30 horas no CEIP DE CENTIEIRAS.

No 2012 programaranse outros dous cursiños no CEIP O Ramo e CPI A Xunqueira.

METODOLOXÍA E CONTIDOS

Este curso vai dirixido a fornecer a pais e nais duns coñecementos básicos para utilizar as medidas de seguranza do navegador.

- Por que é conveniente tomar medidas de seguranza en Internet?
- Que medidas podo adoptar como pai/nai?
- Utilización das medidas de seguranza dun navegador
- Agregar un sitio web á lista de sitios de confianza ou restrinxidos
- Cookies
- Eliminar cookies
- Directivas de privacidade dun sitio web
- Agregar unha páxina á barra de ligazóns favoritas
- Baleirar a caché do disco
- Software para restrinxir as páxinas a visitar

INSTALACIÓNS

Aulas de Informática do, CEIP de Centieiras e CEIP Os Casais



CURSIÑOS TIC: INTRODUCCIÓN Á OFIMÁTICA

PERFIL DO ALUMNADO

Maiores de 16 anos organizados en dous niveis en función dos coñecementos previos:

- Básico
- Avanzado

AULAS E GRUPOS

Nivel	Horas/ curso	Grupos	Prazas	Datas e horario de realización
Único	10	1	10	Ano 2011: 8, 10,15, 17 e 22 de novembro en horario de 9:30 a 11:30 horas.

No ano 2012 programárase o de nivel avanzado

METODOLOXÍA

Este curso pretende dar a coñecer os fundamentos da ofimática.

O curso estrutúrase en dous niveis: no de iniciación hase abordar os principios básicos da ofimática e, no de perfeccionamento, as ferramentas informáticas máis comúns.

CONTIDOS

Básico

A. Manexo do ordenador

- ❖ Iniciación ao manexo do computador. Conceptos básicos:
 - O escritorio de Windows
 - As iconas
 - O rato
 - Os accesorios: caderno de notas, calculadora, caderno de direccións, Paint.
 - Apagar o computador
- ❖ Familiarización co escritorio informático.
 - Cartafois
 - A papeleira de reciclaxe
 - Cambiar o tamaño das fiestras
 - O botón inicio
 - A barra de tarefas
 - A barra de título dunha fiestra
- ❖ Personalizando o noso PC.
 - Propiedades de pantalla
 - Posta en marcha dun CD de música

- ❖ Iniciación á escritura de textos.
 - WordPad
 - O teclado do computador
 - Arrastrar e soltar
 - Copiar, cortar e pegar
 - Gardar documentos
 - Configurar páxina
 - Imprimir documentos

B. Escribir documentos

- ❖ Concepto básico da composición de textos.
 - Tipos de aliñación
 - Revisión ortográfica básica
 - Seleccionar texto
 - Tipos e tamaños de fontes
 - Aliñación
 - Sangrías
 - Espazo de liñas

C. Introducción a Internet

- ❖ Microsoft Internet Explorer.
 - Descrición e funcionamento dos navegadores: Internet Explorer, Google, Terra, etc
 - Descrición da pantalla do navegador
 - Enderezos de interese

INSTALACIÓNS

Aula Municipal de Informática (Fene)



CURSIÑOS TIC: COMO CHAMAR POR TELÉFONO (CHAMADA E VÍDEO CHAMADA) UTILIZANDO INTERNET (SKYPE)

PERFIL DO ALUMNADO

Maiores de 16 anos con coñecementos previos de informática (nivel informática avanzada)

AULAS E GRUPOS

Nivel	Horas/ curso	Grupos	Prazas	Datas e horario de realización
Único	10	1	10	Ano 2011: 13, 15,20, 22 e 27 de decembro en horario de 10:30 a 12:30 horas.

METODOLOXÍA E CONTIDOS

Este curso pretende introducir no uso do Skype, un software gratuíto que nos permite realizar chamadas e videochamadas gratúitas por Internet a outros ordenadores que teñan configurada unha conta de Skype. Tamén conta cunha aplicación que permite facer chamadas a teléfonos convencionais cunhas tarifas específicas diferentes ás das operadoras convencionais.

- Instalar e configurar a cámara web
- Descargar e instalar do Skype
- Crear conta de Skype e configurar audio e vídeo
- Titorial básico de Skype
- Instalar skype no móbil

INSTALACIÓNS

Aula Municipal de Informática (Fene)



OBSERVACIÓNS IMPORTANTES

DE CARÁCTER XERAL PARA TODAS AS ESCOLAS, CURSIÑOS E OBRADOIROS

1. As prazas hanse cubrir por rigorosa orde de inscrición (non se admitirán inscricións por teléfono ou por correo electrónico).
2. Os datos recibidos serán empregados unicamente para os fins relacionados co Concello de Fene e en todo momento respectarase o que sinala a Lei de protección de datos -Lei Orgánica 15/1999, do 13/XII, de protección de datos de carácter persoal e Real Decreto 994/1999, do 11/VI, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal..
3. A Comisión de cultura, educación, deportes, servizos sociais e igualdade poderá modificar; por razóns técnicas e organizativas, os horarios, instalacións, monitorado, cambios de quenda, etc, que se consideren necesarias. Estas modificacións tamén poderán realizarse ao longo do curso escolar.
4. No caso que nunha Escola non haxa matrícula de abondo como para que entre en funcionamento, as persoas interesadas poderán trasladar a súa inscrición para outra Escola, da mesma ou de diferente modalidade.
5. O seguro para os/as usuarios das Escolas é de responsabilidade civil (póliza xeral do concello) polo tanto, non cobre a asistencia sanitaria.
6. No caso que a Concellería de Cultura e Deportes detecte falsidade nos datos proporcionados polo/a solicitante, o alumno/a causará baixa automaticamente, sen dereito a devolución das taxas públicas pagadas.
7. O recibo do pagamento ou o carné será o documento obrigatorio de presentación para a entrada nas instalacións municipais para a asistencia aos cursos.
8. Calquera **notificación da Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servizos sociais e igualdade** vacacións, suspensión de clases, renovacións,... realizarase a través da páxina web do Concello de Fene: www.fenecidadan.net, taboleiros de anuncios dos centros culturais e deportivos municipais.
9. Calquera dúbida a respecto das escolas municipais poderá consultarse nos teléfonos das dependencias administrativas: 981.34.03.66 (Cultura e Deportes) - 981.49.28.04 (Pavillón de San Valentín).
10. A matrícula en calquera das actividades municipais promovidas no curso 2011/2012 supón a aceptación desta normativa.

DE CARÁCTER ESPECÍFICO

Para as Escolas Deportivas

1. A incorporación dos alumnos/as ás Escolas producirase a partir do 1 de outubro (Escolas/Obradoiros Deportivas) **no día da semana, hora e local fixado para cada Escola ou Obradoiro.**
2. As **Escolas Deportivas**, en base á matriculación rexistrada, entrarán en funcionamento a partir do **1 de outubro, facéndose público o día 28 de setembro** nos taboleiros de anuncios da Casa do Concello, Departamento de Cultura, Deportes e Xuventude, Casa da Cultura e páxina web www.fenecidadan.net.
3. As **matriculacións dos obradoiros**, terán lugar nas dependencias administrativas de Cultura, Deportes e Xuventude.
4. Nas Escolas do Pavillón “A Xunqueira” que se impartan a diferentes horas, se non se especifica quenda, é que se pode acudir a elas a calquera das horas en que se impartan.
5. Aquelas persoas que opten polo baño libre, poderán combinar esta actividade co **uso dos aparatos do ximnasio da piscina**, para realizar táboas de exercicios sen monitor.
6. Neste folleto inclúese a relación de Escolas da Piscina Municipal e do pavillón polideportivo da Xunqueira (San Valentín) para as **que non se cubriron as prazas** no período de reserva para matriculados que tivo lugar no mes de xuño. Tódalas escolas comezarán a funcionar a partir do 1 de outubro, segundo o día que corresponda.
7. Na Escola de **loga-2** (do Centro Social de Fene) o número de prazas é limitado a un máximo de 20
8. As Escolas Deportivas interromperán o seu funcionamento nas datas sinaladas nos calendarios oficiais como festas ou vacacións escolares/municipais; **agás a de Fútbol 7**. As da Piscina e Pavillón hanse rexer polos calendarios específicos destas instalacións.
9. As escolas de rehabilitación funcional poderán seguir en verán, sempre que haxa matrícula de abondo para a continuidade da actividade.
10. O alumno/a e no seu caso o seu titor/a fará constar que non padece ningunha enfermidade que o/a incapacite para a práctica da actividade deportiva, téndose realizado o oportuno recoñecemento médico. No caso de padecer unha minusvalía ou outros datos relevantes que poidan incidir na práctica deportiva, deberá achegar un informe médico xunto coa documentación da inscrición.
11. As Escolas Deportivas é unha actividade organizada polo Concello de Fene, Concellaría de Cultura e Deportes, coa colaboración da Deputación da Coruña e do Centro Social da 3ª Idade de Fene.

ESCOLAS CULTURAIS

1. As actividades ofertadas só se realizarán de cubrirse o 60% do número máximo de prazas.
2. As cotas por Escola e Obradoiro son 3 cotas ao ano mentres que as de Cursiños e Xornadas son unha única cota.
3. A incorporación do alumnado ás Escolas e Obradoiros, producirase a partir do 17 de outubro no día da semana, hora e local fixado para cada Escola ou Obradoiro.
4. A incorporación do alumnado aos Cursiños e Xornadas TIC producirase nas datas, horarios e locais fixados para cada Cursiño e Xornada.
5. As Escolas Culturais, Cursiños, Xornadas e Obradoiros que entrarán en funcionamento en base á matriculación rexistrada hanse publicar no taboleiro de anuncios do Departamento de Cultura e na páxina web <http://www.fenecidadan.net> o día 14 de outubro.



Organiza:
Concello de Fene Concellería de
Cultura, Deportes e Xuventude

Colaboran:
Deputación da Coruña
CEIP Centieiras
CPI A Xunqueira
Centro Social da 3º Idade

